



Registro Electrónico del Ministerio de Justicia

Sede electrónica
Ministerio de Justicia

Requisitos técnicos

Certificados dixitais

Para poder presentar as solicitudes contempladas no Rexistro Electrónico nas que se requira **acreditar a identidade e asinar electronicamente** os escritos presentados, admitiranse os certificados dixitais de clave pública non revogados admitidos por @firma, a Plataforma de validación e sinatura electrónica do Consello Superior de Administración Electrónica.

A plataforma @firma admite **certificados dixitais** recoñecidos conforme o estándar **ITU-T X.509 v3**, emitidos por múltiples provedores de servizos de certificación. Todos os provedores están inscritos no rexistro da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade de Información do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio de autoridades conforme ao establecido no artigo 30 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

Navegadores compatibles

Os navegadores compatibles son:

Firefox 1.5 ou superior, agás a versión 3;

Mozilla 1.7 ou superior;

Microsoft Internet Explorer 5.5 ou superior

Java

En todos os casos, é necesario ter instalada a máquina virtual de **Java** versión 1.4.2 ou superior (pódea conseguir gratuitamente en <http://www.java.com/es/download/manual.jsp>).

Tamén é necesario o compoñente java do seu navegador.

Javascript

É necesario permitir a execución de código **JavaScript**.

Applet

É necesario permitir a descarga de applets para o uso do compoñente de sinatura electrónica.

Lector PDF

Adicionalmente, para visualizar os resgardos, necesitará ter instalado un **lector** de documentos en formato **PDF**.

Formatos de adjuntos

Se se achega documentación electrónica ao encher o formulario, esta debe axustarse a algún dos seguintes formatos:

PDF

Word

tiff

Outros formatos específicos de trámites concretos recolleranse na páxina de descrición do trámite.

O número de arquivos máximo que se pode achegar é 5.

O tamaño máximo dos arquivos adxuntos é de 1 MB.

Sistemas operativos

Os sistemas operativos compatibles son:

Microsoft Windows 2000 / XP / Vista;

Sistemas LINUX (Guadalinex, Ubuntu).

Sede electrónica
Ministerio de Justicia

Registro Electrónico del Ministerio de Justicia